

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/18/2022	GOB16I095
4N0J1H0J1Y5T1V4H1B7Q	

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA DOCE DE MAIO DE DOUS MIL VINTEDOUS

<p>SRES/AS ASISTENTES:</p> <p><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> MARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><u>SRES/AS CONCELLEIROS/AS:</u> D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª ROMAN ROMERO FRANCO D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª JOSE OREONA BRA D/Dª JOSE DAVID PITA BREIJO</p> <p><u>NON ASISTE:</u> D/Dª MARIA DE LA MERCED TAIBO REY</p> <p><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do doce de maio de dous mil vintedous, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
---	---

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 .- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN PROXECTO DESCRICIÓN REXISTROS TRIBUTARIOS DENDE O SÉCULO XIX E OUTROS..- Vista a proposta formulada que di así: A Técnica de Arquivo, en data 02/05/2022, elevou a esta alcaldía o informe-proposta de código ARQ16I05R que literalmente di:

<i>TIPO DE DOCUMENTO</i>	<i>Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local</i>
<i>EXPEDIENTE</i>	<i>ARQ/1/2022: Solicitud Subvención Proxecto Descrición Rexistros Tributarios dende o século XIX e outros</i>
<i>DESTINATARIO</i>	<i>Alcaldía / Servizos Económicos</i>
<i>ASUNTO</i>	<i>Dar conta da aceptación de subvención</i>

Con data 25/04/2022 a Alcaldesa deste Concello ditou a resolución de código ARQ16I05D que di:

“

Con data 20 de abril de 2022 a Técnica de Arquivo elevou a esta Alcaldía-Presidencia o Informe-Proposta con código ARQ16I04K, que literalmente di:

“En relación ao expediente relativo á solicitude de subvención para o proxecto “Descrición Rexistros Tributarios dende o século XIX e outros”, emítese o seguinte

INFORME – PROPOSTA

Por resolución da Alcaldía de data 19 de xaneiro de 2022, acordouse a solicitude da subvención da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, para o proxecto “Descrición Rexistros Tributarios dende o século XIX e outros” por importe total de 7.500€. De dita resolución deuse conta á Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 27 de xaneiro de 2022.

O 01 de marzo de 2022 fíxose pública a proposta de resolución provisional das axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos 2022 no “Portal de Arquivos de Galicia” <https://arquivosdegalicia.xunta.gal> (código de documento ARQ16I03J no expediente ARQ/1/2022).

O 01 de abril de 2022 o Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade resolveu a convocatoria de subvencións da Orde do 2 de decembro de 2021 (DOG núm. 242, do 20 de decembro de 2021) con código de procedemento CT130A (código de documento ARQ16I04C incluído no expediente ARQ/1/2022).

Con data 05 de abril de 2022 tivo entrada no Rexistro deste Concello a resolución definitiva das axudas convocadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que foi notificada a través do sistema Notifica.gal (código de documento ARQ16I04E incluído no expediente ARQ/1/2022) e na que se informa da concesión da totalidade da axuda solicitada segundo o seguinte cadro:

Importe total do proxecto	7.500€	
Importe concedido	6.000€	% da subvención: 80%
Proxecto de cooperación	NON	

De acordo coas Bases de Execución do Orzamento en vigor, procede a aceptación da subvención, con carácter previo á iniciación das contratacións encamiñadas á execución das actuacións subvencionadas, o cal é obxecto desta proposta.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

-Bases de execución dos Orzamentos do ano 2022. Concretamente a base 52, apartado 2, sinala que a aceptación da concesión [...] deberá ser aprobados, previa toma de razón e retención de crédito da achega municipal ou iniciación dun expediente de modificación de créditos para a habilitación do necesario, pola Xunta de Goberno Local. A proposta de aceptación deberá ir acompañada dunha copia do documento que acredite a súa concesión, do plan de financiamento definitivo e, no seu caso, da solicitude de iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito por xeración.

A tal efecto, quen subscribe elaborou os seguintes documentos, que se acompañan a este informe-proposta:

1. Plan de financiamento definitivo, comprensivo das necesidades de fondos e fontes de financiación existentes para facer fronte ao gasto (incluído no expediente ARQ/1/2022, código do documento ARQ16I04G).
2. Informe-solicitude de xeración de créditos pola contía subvencionada (incluído no expediente ARQ/1/2022, código do documento ARQ16I04I).
3. Informe-solicitude de transferencia de créditos pola contía da achega municipal (incluído no expediente ECO/2/2022, código de documento ECO16I02Q).

-Orde do 2 de decembro de 2021 (DOG núm. 242, do 20 de decembro de 2021) da Consellería de Cultura, Educación e Universidade con código de procedemento CT130A (código de documento ARQ16I04C incluído no expediente ARQ/1/2022), que establece no artigo 15 que a institución beneficiaria disporá dun prazo de 10 días para súa aceptación.

-Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. No seu art. 10, esta lei indica que os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente. [...] En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento.



Neste caso, corresponde á Alcaldía-Presidencia a avocación da competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a aceptación desta subvención, debido á imposibilidade de tramitar a correspondente proposta nunha sesión ordinaria en prazo suficiente antes de que expire o prazo outorgado para a aceptación, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aceptación e do acto de avocación.

Por todo o exposto de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o que asina, previa fiscalización, eleva á Alcaldía-Presidencia a seguinte:

PRIMEIRO: Avocar, da Xunta de Goberno Local, as facultades de aceptación da subvención de referencia, polos motivos sinalados nos fundamentos de dereito e dando conta a ese órgano colexiado deste acto de avocación.

SEGUNDO: Aprobar o cadro de financiamento definitivo para o proxecto de “Descrición Rexistros Tributarios dende o século XIX e outros”, de acordo co establecido no documento que se acompaña, e resumido como segue:

Proxecto: “Descrición Rexistros Tributarios dende o século XIX e outros”	
Importe total do proxecto	7.500€
Importe concedido por la axuda	6.000€
Achega municipal	1.500€
Aplicación orzamentaria	9200.64000

TERCEIRO: Aceptar, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a subvención para este proxecto, por importe de 6.000€.”

Visto dito informe, e logo do informe de conformidade da Intervención deste Concello (documento adxunto de código ICO16I055), (documento contable RC para transferencia 220220003455) (código de proxecto 2022 2 00000 19), esta Alcaldesa

RESOLVE

PRIMEIRO: Aprobar a proposta transcrita en todos os seus termos.”

En cumprimento do establecido no punto primeiro da resolución anterior, no tocante ás facultades avocadas, quen suscribe, solicita á Alcaldía-Presidencia:

Dar conta á Xunta de Goberno Local da adopción da resolución transcrita.”

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código ICO16I05K, esta Alcaldesa:

Da conta á Xunta de Goberno Local da antedita resolución.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

3.-PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE PARA A ADQUISICIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO CON DESTINO ÁS BIBLIOTECAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NO ANO 2022.- Vista a proposta formulada que di así: Visto o informe-proposta cuxa literalidade se transcribe a continuación:

“ASUNTO: Aceptación da subvención concedida no ano 2022 pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade para adquisición de novidades editoriais en galego (Programa A), con destino as bibliotecas ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES:

Mediante Resolución de Alcaldía de 09/02/2022, e posterior dación de conta en Xunta de Goberno Local de 17/02/2022 da referenciada Resolución, apróbase a solicitude de Subvención por importe de 4.000,00€, á Consellería de Cultura, Educación e Universidade para os programas A (dotación de novidades editoriais en galego -2.500,00€), e B (mellora das coleccións bibliográficas-1.500,00€), ao abeiro da convocatoria publicada no ,DOG Nº 24 DE 04/02/2022 , orde de 31/12/2021.

No Diario oficial de Galicia de 26 de abril de 2022 nº 79, publícase a Resolución de 12 de abril de 2022 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se dá publicidade as axudas concedidas ao abeiro da orde referenciada no parágrafo anterior, na que ao concello de Narón concédenselle 2.352,94€ para a dotación de novidades editoriais en Galego en Formato Físico.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Orde de 31 de decembro de 2021, publicado no Dog nº 24 de 4 de febreiro de 2022 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade
- Resolución da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de 12 de abril de 2022 ,publicada no dog nº 79 de 26 de abril de 2022,polo que se da publicidade as axudas concedidas ao abeiro da Orde de 31 de decembro de 2021.

Por todo o exposto, a Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, informa á Concelleira Delegada de Cooperación no Ensino e Bibliotecas, para que propoña á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1º -Aceptar a subvención concedida pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade por importe total de 2.352,94€ con destino a Dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, ao abeiro da convocatoria publicada no dog nº 24 de 04/02/2022 , orde de 31/12/2021.

2º -Aprobar o seguinte plan de financiamento definitivo:

IMPORTE TOTAL DO PROXECTO: A)Dotación de novidades editoriais en galego en formato físico. Importe da subvención concedida pola Consellería de Cultura	2.352,94€
Importe da achega municipal	0,00€
Aplicación orzamentaria programa: 3321.62900	

E unha vez fiscalizado coa toma de razón o informe transcrito pola Intervención municipal con data 05/05/2022 (ICO16I05N) o documento SSO16I0WW do expediente ENS/8/2022, código proxecto 2022 200000 25, quen subscribe, Concelleira de Cooperación no Ensino e Bibliotecas (delegada por Resolución da Alcaldía de data 25/06/2019), **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** que acorde:

- Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POR ENTRADA E SAÍDA DE VEHICULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS, RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, VADOS, CARGA, DESCARGA DE MERCADORIAS DO EXERCICIO 2022.-

(...)

Primeiro: Aprobar o padrón fiscal de contribuintes das taxas por entrada de vehículos a través de beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga de



mercadorías de calquera clase, e vados do ano 2022, cun total de **2005 contribuíntes** e por importe de **239.845,30€**.

Segundo: O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

Terceiro: Durante o período de exposición pública, os interesados poderán examinar o padrón e interpoñer contra o mesmo, as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

Cuarto: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución.

De non recaer resolución no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas. Non obstante, si se considera convinte, poderán utilizar e exercer calquera outro recurso que estea pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96

F_FIRMA_4